



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

**Expte: 2022/G007/00006**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e dous, ten lugar reunión en primeira convocatoria da Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os/as concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, Non acude, por causas xustificadas, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Existindo quorum abondo o Alcalde abre a sesión, estando asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

### **Orde do Día**

PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/4.-**

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/4 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 4 facturas ascende á cantidade de VINTE E TRES MIL CINCOCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (23.546,87 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2022/4 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 23.546,87 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”.

Analizadas pola **Xunta de Goberno Local** as facturas, así coma o informe de intervención, e Vista proposta da **Alcaldía**, toma coñecemento e mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Recoñecer as obrigas polos gastos derivados das facturas da relación e ordenar o pago das mesmas.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos para o seu coñecemento e trámite.

## **2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-**

### **A.- Expte. de obra maior.-**

**.- Expte. de obras 84/2021.- AMPARO RODRIGUEZ SANTAELLA.-** Para as obras de construción de vivenda unifamiliar [REDACTED] Valdoviño en solo clasificado como **SUELO NO URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA Y SUELO NO URBANIZABLE (Común)**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Sergio J. Beceiro Lodeiro e M. Rosa Vilas Romalde.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 22 de febreiro de 2022 en sentido **FAVORABLE**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** licenza construción de vivenda unifamiliar a Amparo Rodríguez Santaella [REDACTED] Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Sergio J. Beceiro Lodeiro e M. Rosa Vilas Romalde e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data 22 de febreiro de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.- APROBAR** a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 600,00 €. ICIO.- 2.760,00 €.

**Cuarto.- Aprobar** o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 23 de febreiro de 2022.

O Alcalde, Asinado/Alberto González Fernández”

**A anterior proposta de Alcaldía, resultou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros asistentes á sesión (3), dos 5 que compoñen a Xunta.**

**3º.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) 2022.**

**Expte. 2022/X999/000026**

Proposta de Alcaldía:

“Con data 24 de febreiro de 2020 a Xunta de Galicia e a FEGAMP, co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para establecer a coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da Vespa Velutina no territorio galego coa colaboración cos 285 concellos adheridos no 2020 e 15 máis no 2021 ofrecendo unha actuación profesional e eficaz, entre eles ó Concello de Valdoviño.

Como consecuencia do exposto, tendo en conta os bos resultados acadados e co obxectivo de acadar a máxima eficiencia e axilidade na realización dos traballos asínase un novo Convenio para continuar coa colaboración xa iniciada no ano 2020 entre a Xunta de Galicia e FEGAMP, polo que es posible continuar coa colaboración iniciada.

Visto o texto do convenio e tendo en conta a necesidade de actuar contra esta praga por motivos de seguridade pública,

Proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Continuar adheridos ó convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á Vespa asiática (Vespa Velutina).

**Segundo.-** Notificar o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, resolverá o que estime máis convinte.

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe

*/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE/”*

**A anterior proposta de Alcaldía, resultou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros asistentes á sesión (3), dos 5 que compoñen a Xunta.**

**4º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL BANCARIO A DON MANUEL BARCIA GARCÍA DA “FASE 2 REHABILITACIÓN ZONA DESTINADA A POSTOS DE VENDA DO ANTIGO MERCADO PARA ADAPTACIÓN A CENTRO SOCIOCOMUNITARIO”.-**

Proposta de Alcaldía:

“**VISTA** a solicitude efectuada por D. Manuel Barcia García de devolución de aval bancario, de data 3 de setembro de 2021, correspondente á garantía de correcta execución da obra de: “*Fase 2 Rehabilitación zona destinada a postos de venda do antigo mercado para adaptación a centros sociocomunitario*” por importe de 2.475,21 euros.

**VISTO** que transcurriu o prazo dun ano dende a finalización do servizo e visto o informe dos técnicos directores da obra que consta no expediente e no que se reflicte que:

- 01- *Que as obras foron recibidas o 31/08/2020, e transcurrido o período de garantía, con data 18/10/2021 realizamos visita de inspección ao inmovible.*
- 02- *Que durante a visita de inspección non apreciamos deficiencias, atopando o edificio en boas condicións de uso.*

En virtude do art. 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

“Aprobada la liquidación del contrato y transcurrido el plazo de garantía, si no resultaren responsabilidades se devolverá la garantía constituida o se cancelará el aval o seguro de caución.

El acuerdo de devolución deberá adoptarse y notificarse al interesado en el plazo de dos meses desde la finalización del plazo de garantía. Transcurrido el mismo, la Administración deberá abonar al contratista la cantidad adeudada incrementada con el interés legal del dinero correspondiente al período transcurrido desde el vencimiento del citado plazo hasta la fecha de la devolución de la garantía, si esta no se hubiera hecho efectiva por causa imputable a la Administración.”

**PROPONSE:**

DEVOLVER o AVAL bancario citado pola obra Fase 2 Rehabilitación zona destinada a postos de venda do antigo mercado para adaptación a centros sociocomunitario” por importe de 2.475,21 euros depositado por D. Manuel Barcia García.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.  
O Alcalde,  
Asdo. Alberto González Fernández”

**A anterior proposta de Alcaldía, resultou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros asistentes á sesión (3), dos 5 que componen a Xunta.**

## **5º.- PARTICIPACIÓN NA SUBVENCIÓN PARA O EQUIPAMENTO E MELLORAS DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS.-**

Proposta de Alcaldía:

“Vistas as Bases reguladoras da ” ORDE do 17 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022” publicado no DOG nº28 de 10 de febreiro.

### **PROPONSE**

Participar en dita convocatoria de *subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais*, aceptar as condicións e requisitos establecidos na orde e o compromiso de financiar o importe do proxecto que non resulte subvencionado ao abeiro da convocatoria ata o importe total da execución prevista.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 23 de febreiro de 2022.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

**A anterior proposta de Alcaldía, resultou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros asistentes á sesión (3), dos 5 que componen a Xunta.**

## **6º.- APROBACIÓN DO PAGAMENTO ÁS EMPRESAS DOS VALES DO “PROXECTO CALENDARIO 2022”.-**

### **INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Rita Díaz González, Técnica de Xestión Cultural do Concello de Valdoviño, en relación ao consumo de vales en empresa local con motivo da participación da veciñanza na proposta do calendario “CONCELLO DE VALDOVIÑO 2022”

### **INFORMA**

Que atendendo á realización do PROXECTO CALENDARIO 2022 se entregaron 17 vales de 50 euros cada un a cada unha das persoas cuia foto foi seleccionada para formar parte do calendario do Concello de Valdoviño do ano 2022 de entre as 183 presentadas a raíz dunha convocatoria popular nas redes sociais do Concello de Valdoviño.

Os vales de consumo en empresa local por importe de 50,00 (cincuenta euros) cada un foron adxudicados a un total de 12 persoas autoras das 17 fotografías que se presentan no devandito calendario ; os vales son acumulativos, de tal xeito que as persoas autoras de máis de unha fotografía seleccionada para o calendario teñen dereito a igual número de vales de consumo en empresa local que poden ser gastados no mesmo negocio ou en negocios diferentes.

A este proxecto de vales de consumo en negocio local derivados do Proxecto Calendario do Concello de Valdoviño 2022, se destinaron un total de 850,00 euros (oitocentos cincuenta euros).

Consultada/os as/os veciña/os con dereito a vale acerca de donde querían realizar o gasto e consultados os responsables dos negocios indicados e estando estes de acordo na dita compra cuio importe deben facturar ao concello, INDÍCASE de seguido a táboa de distribución :

<b>PERSOA CON DEREITO A VALE DE CONSUMO</b>	<b>NIF</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>NEGOCIO PARA CONSUMO DO VALE</b>
MARÍA ANEIROS LOUREIRO	██████████	VALE 50 EUROS	CON FÍO DE INÉS.
CRISTINA FREIRE	██████████	VALE 50 EUROS	CON FÍO DE INÉS.
VICTOR VERGARA	██████████	VALE 50 EUROS	ESTACIÓN DE COMBUSTIBLE VALDOVIÑO
IVANA O CAMPO FERREIRO	██████████	VALE 50 EUROS	CON FÍO DE INÉS
IVANA O CAMPO FERREIRO	██████████	VALE 50 EUROS	AS HEDRAS
GERMÁN CANEIRO	██████████	VALE 50 EUROS	COOPERATIVA DE MEIRÁS
JARA ORTIZ	██████████	VALE 50 EUROS	ELECTRODOMÉSTICOS NITO
JARA ORTIZ	██████████	VALE 50 EUROS	ELECTRODOMÉSTICOS NITO
JARA ORTIZ	██████████	VALE 50 EUROS	ELECTRODOMÉSTICOS NITO
JACOBO NÚÑEZ DÍAZ	██████████	VALE 50 EUROS	O CASTRO -PANTÍN
ISABEL DÍAZ GONZÁLEZ	██████████	VALE 50 EUROS	RESTAURANTE BRISAS
GUSTAVO LAMAS HERMIDA	██████████	VALE 50 EUROS	RESTAURANTE BRISAS
GUSTAVO LAMAS HERMIDA	██████████	VALE 50 EUROS	RESTAURANTE BRISAS
NOELIA UCEIRA VILAR	██████████	VALE 50 EUROS	SALÓN LUPE RODRÍGUEZ
ÁLVARO NÚÑEZ LAMAS	██████████	VALE 50 EUROS	Librería XEILA
ÁLVARO NÚÑEZ LAMAS	██████████	VALE 50 EUROS	LIBRERÍA XEILA
ALEJANDRO GARCÍA SOUSA	██████████	VALE 50 EUROS	ELECTRO AGRO VALDOVIÑO

PROPONSE :

O pagamento das cantidades indicadas a cada unha das empresas sinaladas elixidas polos destinatarios dos vales.

Os destinatarios dos vales teñen de prazo ate o 30 de xuño para proceder á súa compra, feito a partires do que poderá facturar o negocio emitindo a factura correspondente segundo o establecido para tal feito polo Concello de Valdoviño

En Valdoviño, 22 de febreiro de 2022.

Técnico de xestión cultural.

Rita Díaz González.

**A Alcaldía, facendo súa a proposta feita pola técnica referida propón á Xunta de Goberno Local a súa aprobación e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acorda aprobala.**

PARTE ACTIVIDADE

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar, sendo ás once horas do día sinalado no encabezamento, a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente; da que, coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

*/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/*